

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019451	CEIP A Escardia	Vilagarcía de Arousa	2023/2024

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	5
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	7
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	7
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	7
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	7
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	8
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	8
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	8
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	9
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	9
o) Outros apartados	10

## a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Na contextualización do centro cabe destacar diferentes aspectos:

En canto ao contexto social, debemos ter en conta a diversa procedencia do noso alumnado, existindo un alto índice de alumnado estranxeiro, especialmente de América do Sur, aínda que tamén podemos destacar alumnado refuxiado ucraíno e outras máis, chegando a ter sete nacionalidades diferentes. As familia por outro lado, contando coa diversidade existente, pertence de forma maioritaria ao sector servizos.

En canto ao contexto natural e histórico destacamos: a situación privilexiada do centro, próximo ao parque “Miguel Hernández”, praias como “A Concha” e “Compostela” e diferentes servizos céntricos como o Concello, a biblioteca municipal, as estacións de tren e autobús, e as instalacións de policía, así como o auditorio municipal.

Destacamos tamén a liña pedagóxica do centro, a cal inflúe na adecuación dos obxectivos ás diferentes etapas das que consta o centro. A metodoloxía de centro está baseada nunha aprendizaxe activa e manipulativa, onde o alumnado é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe. A aprendizaxe cooperativa é outro dos grandes piares da nosa metodoloxía, sendo fundamental para atender ás necesidades educativas de todo o alumnado e respectando tanto as características como os ritmos individuais.

En base a isto, a continuación indícanse os obxectivos propios das etapas de educación infantil e educación primaria, segundo o establecido no Decreto 155/2022 adecuados e contextualizados á realidade educativa do centro.

Obxectivos da etapa de educación infantil:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas, creando espazo educativo escolar seguro de inclusión, individualización, respecto á diferenza.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural (patio do colexio, diferentes espazos da vila, Vilagarcía, etc.) e social, incluíndo a súa aprendizaxe.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas, acadando o desenvolvemento das competencias relacionadas coa expresión de sentimentos, autoconecemento, autoconcepto e autoestima.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia, empregando para iso, actividades de centro tales como apadriñamentos e actividades internivel, que favorezan a colaboración e o desenvolvemento da empatía en alumnado de diferentes idades.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión, (computacional, artística, literaria, motriz, etc.)
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas a través de material manipulativo, na lectura e a escritura dende un enfoque entre o ecléctico e global, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas, en especial aquelas da contorna próxima e da vila.

Obxectivos da etapa de educación primaria:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia xerais e as reflectidas no plan de convivencia da escola, aprender a obrar de acordo con elas de xeito empático, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática, tendo en conta as características culturais da nosa escola, cunha alta porcentaxe de alumnado estranxeiro.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo en base aos principios desenvolvidos, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor, traballando na formación dun espírito crítico ante as mensaxes que o alumnado recibe e elabora.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas tendo en conta as diferentes nacionalidades que temos no colexio, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá co fin de adquirir unha competencia comunicativa básica que lles permita desenvolverse nas dúas linguas por igual, fomentando tamén hábitos de lectura nas dúas linguas a través do uso da biblioteca e as accións recollidas no plan de lectura e PAL (Plan anual de lectura) do centro.

- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións respectando a liña metodolóxica de vivencia e manipulación, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura con especial atención aos elementos da contorna e da vila a través da experimentación.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran, iniciándose nos cursos anteriores ao terceiro ciclo (onde se emprega o proxecto Edixgal) no uso dos ordenadores e tabletas para traballar diferentes aspectos como a búsqueda e tratamento da información.
- j) Utilizar diferentes representación e expresión artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais empregando os recursos dos que dispón o centro tanto do proxecto “E-Dixgal” como do programa Polos Creativos e Biblioteca Creativa.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado, iniciándose a través do coidado dos animais do centro (peixes do estanque, insectos, etc.).
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas, salientando naquelas/es que deixaron pegada na nosa vila.

## **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

A visión da educación que se desenvolve no PE e no apartado d) desta CC dan unha clara idea sobre o carácter competencial das propostas que pretendemos realizar. Como resumo e de forma directa, a contribución á adquisición das competencias parte de:

- Propoñer situacións de aprendizaxe contextualizadas e funcionais.
- Empregar instrumentos de avaliación que potencien a funcionalidade das aprendizaxes.
- Deseñar tarefas integradas que impliquen a varias áreas de coñecemento.

En concreto, para cada unha das competencias:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL): Fomentar a comprensión e creación de textos funcionais e multimodais para o alumnado integrados nas diferentes actividades propostas.
- Competencia plurilingüe (CP): Utilizar en mensaxes e cartelería internas textos plurilingües, realización de actividades complementarias en diferentes idiomas e linguas e coordinación entre o profesorado das diferentes linguas.
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM): empregar nas aulas recursos materiais que favorezan o razoamento a través da experimentación, en especial aqueles recursos STEAM e dixitais propios do programa Polos creativos, desenvolvendo tarefas contextualizadas, partindo de situacións da vida cotiá.
- Competencia dixital (CD): desenvolver o Plan Dixital de centro. Aportar e empregar estratexias para o desenvolvemento da Alfabetización Mediática e Informacional e facilitar as producións do alumnado en múltiples soportes desenvolvendo o pensamento computacional.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): Fomentar de forma progresiva a autonomía e xestión das propias aprendizaxes. Secuenciación de estratexias para o estudo autónomo. Pautas para cada ciclo en relación á organización. Realizar propostas nas que sexa posible a auto avaliación e a co avaliación.
- Competencia cidadá (CC): Realizar propostas cooperativas na aula distribuíndo ao alumnado na aula que favoreza a interacción entre o alumnado e realizar actividades complementarias que potencien a conciencia social e cidadá.
- Competencia emprendedora (CE): Formular tarefas abertas que favorezan a creación por parte do alumnado, potenciando e dando cabida nas aulas ás propostas do alumnado.
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC): Vincular as actividades complementarias realizadas e as distintas conmemoracións de centro á realidade do alumnado no referente a días conmemorativos da nosa

sociedade como pode ser o día da poesía, semana da prensa, etc.

### **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

O criterio fundamental para incorporar un elemento transversal será a potencialidade que ten a nivel de desenvolvemento integral do alumnado. Este elemento transversal pode aparecer por mor dun proxecto de centro (PDI da biblioteca, un Plan Proxecta) ou por unha necesidade social de actualidade.

### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

A metodoloxía basearase nunha aprendizaxe competencial, segundo o establecido no actual currículo, que permita conectar contidos das distintas áreas e materias curriculares ademais de abordar os distintos elementos transversais. Os criterios de carácter xeral a nivel metodolóxico a ter en conta en todas as áreas propias dos diferentes niveis serán:

- Estilo de ensino aprendizaxe activo (baseado nas habilidades de pensamento) encamiñado á consecución dunha aprendizaxe significativa na que o alumnado é o verdadeiro actor do seu proceso, sendo o profesorado o guía que lle axuda a descubrir os coñecementos. Polo tanto, as aprendizaxes serán funcionais, contextualizadas e próximas á realidade do alumnado.
- O traballo cooperativo será o outro dos grandes eixos metodolóxicos para dar resposta á atención á diversidade. O traballo cooperativo traballarase nos tres ámbitos: cohesión de grupo (dinámicas de cohesión); estruturas cooperativas e plan de equipo. A formación do profesorado, a través da CCP, grupos de traballo no centro ou calquera outra que se poida establecer, será indispensable para que a metodoloxía se estenda nas dúas etapas lonxitudinalmente.
- Terase en conta os principios do deseño universal de aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, distintas maneiras de acceder á información, distintos xeitos de expresarse, distintas maneiras de motivar ao alumnado e de respectar as súas características individuais.
- O traballo por proxectos. Proxectos que sexan significativos e de actualidade partindo dos coñecementos previos do alumnado, do seu contorno próximo e dos seus centros de interese, co fin de fomentar a súa curiosidade e motivación pola aprendizaxe.
- A organización espacial será flexible permitindo levar a cabo diferentes propostas (en E.I. destacan os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...)
- As coordinacións verticais, tanto do ámbito de linguas como na área de matemáticas.
- A lóxica e a matemática gardarán a seguinte secuencia: vivencia, manipulación, gráfica e simbólica (esta última con menor importancia).
- Planificar a transición entre etapas e ciclos con propostas concretas que garantan unha continuidade metodolóxica, de organización espacial e baseada na experimentación e xogo manipulativo, coordinadas polos diferentes equipos de ciclo (infantil e primaria). No primeiro ciclo de EP o enfoque seguirá sendo globalizado; con tarefas integradas de crecente complexidade, fomentando a autonomía do alumnado. En todos os ciclos (de ambas etapas, infantil e primaria), de xeito gradual, o obxectivo fundamental será o desenvolvemento máximo da competencia aprender a aprender.
- A Alfabetización Mediática e Informacional será un aspecto de vital importancia no terceiro ciclo, para o que o proxecto Edixgal aportará os medios necesarios, sendo necesario iniciarse progresivamente dende os cursos inferiores. O traballo con ferramentas tecnolóxicas está orientado ao emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumnado iniciaráse no seu emprego de forma transversal e responsable, respectando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes á súa idade e estado madurativo.

En canto ás consideracións xerais metodolóxicas en cada unha das áreas, propoñemos:

- **ÁREAS LINGÜÍSTICAS:** desenvolverase a competencia lingüística dividíndoa en catro subcompetencias (expresión oral, expresión escrita, comprensión oral, comprensión escrita). Para iso, ao longo de cada nivel traballaranse diferentes tipoloxías textuais, comezando por presentar un tipo de texto e analízalo (estrutura, partes, funcionalidade, intencionalidade...) para ter unha primeira aproximación comprensiva, procedendo despois á súa lectura e por último a produción do mesmo. Ademais, cada curso establecerase un itinerario lector no centro en cada

un dos cursos ou ciclos de educación primaria.

- **MATEMÁTICAS:** destacamos a conexión da área de matemáticas coa realidade, tanto do cálculo e resolución de problemas, como a estatística, a medida, a xeometría, etc. priorizando a vivenciación e a manipulación, empregando tamén algoritmos alternativos tipo OAOA e ABN establecidos nos documentos de coordinación vertical, incentivando así o pensamento crítico e o cálculo mental. As situacións propostas partirán da vivencia e da manipulación, fases que preceden á gráfica e, por último, á simbólica. Empregando para iso materiais manipulativos como regletas, policubos, bloques lóxicos, etc.

- **CIENCIAS:** a visión da área de ciencias debe ser experimental, dando respostas ao alumnado sobre o que acontece ao seu arredor, dando importancia á observación, experimentación e a análise da realidade.

- **EDUCACIÓN FÍSICA:** nesta área priorizaranse as metodoloxías abertas na que o alumnado busque de xeito activo a resolución dos problemas motores, desenvolva a súa autonomía e adquira hábitos de consumo e hixiene saudables, fomentando a participación e o traballo en equipo, primando un ambiente lúdico a través do xogo.

- **MÚSICA E DANZA E EXPRESIÓN PLÁSTICA:** estas áreas contribúen de maneira imprescindible ao desenvolvemento integral do alumnado, a través de procesos de creación e expresión, así como a vivenciación destas experiencias, partindo do propio corpo, primando tamén a manipulación e exploración de diversos materiais e técnicas.

## **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

Os recursos supoñen un elemento esencial dentro do proceso de ensino/aprendizaxe. Hai que distinguir entre aqueles cos que conta o centro e a aula e aqueles ambientais, que superan as barreiras do colexio. Son estes últimos os servizos dos que dispón a vila (biblioteca municipal, auditorio, escolas de música, etc.).

No que se refire aos primeiros, contamos cos PERSOAIS (contando aquí co diferente persoal docente e non docente do centro, as familias e outros organismos como E.O.E, etc.).

En canto aos materiais, deberán cumprir os seguintes criterios:

- Deben ser inclusivos.
- Deben ser polivalentes.
- Deben ser funcionais.
- Priorizarase aquel material que sexa manipulativo ou material STEAM (incluíndo aquel do que conste o centro dos programas POLOS CREATIVOS e BIBLIOTECA CREATIVA).
- Terase en conta que sexan materiais sostibles, incluíndo de ser o caso materiais non estruturados.

En canto aos recursos didácticos:

Os libros de texto e outro tipo de recursos empregados na aula e a nivel de centro deberán:

- Estar adaptados ás necesidades dos nenos/as, atendendo aos criterios de inclusión e igualdade.
- Ter coherencia coas competencias curriculares, pois o material debe ter unha finalidade relacionada coas competencias curriculares.
- Ser polivalentes: poden ser utilizados para estimular competencias das diferentes áreas e en variedades que se programen dentro dun marco globalizado de acción.
- Ser adecuados ao nivel de desenvolvemento do alumnado.
- Fomentar o traballo en grupo e a aprendizaxe significativa do alumnado.
- Estimular a observación, experimentación, e o contacto coa realidade e o desenvolvemento da conciencia crítica e a actividade creadora.
- Favorecer o intercambio de experiencias entre os propios alumnos/as e co docente.
- Propiciar a reflexión.
- Fomentar a investigación. Estimular o exercicio de actividades que contribúan ao desenvolvemento de novas habilidades, destrezas, hábitos e actitudes.
- Expor tarefas por competencias e ofrecer unha avaliación por competencias tamén.
- Ofrecer recursos TIC e unha plataforma dixital de traballo, dentro da medida do posible.
- Ofrecer actividades de tipo cooperativo ou con estratexias cooperativas.
- Non conter ningún tipo de sexismo ou machismo encuberto, nin realizar discriminacións por razón de raza, sexo ou relixión.

### **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

No centro cúrsanse as etapas educativas de Educación Infantil e Educación primaria.

En ambas etapas, o alumnado pode cursar Relixión Católica/Evanxélica ou ben, como alternativa, Atención Educativa, segundo o establecido no Decreto 150/2022, sendo o correspondente para educación primaria, a materia de proxecto competencial. Ademais, en 6º curso de educación primaria, segundo o Decreto 155/2022 inclúese agora a materia de Valores.

En todos os cursos de educación primaria, contamos co agrupamento das linguas castelá e galega no ámbito lingüístico, sendo no primeiro ciclo, no que contamos tamén co ámbito científico (agrupando as materias de ciencias naturais e ciencias sociais) e as seccións bilingües, contando así coa materia de Educación Plástica en inglés.

### **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

Para deseñar unha actividade complementaria que vai ser implementada no centro haberá que ter en conta os seguintes criterios:

- A relación co currículo.
- O calendario de conmemoracións oficiais.
- A secuenciación e concreción curricular do proxecto do curso.
- A repercusión no alumnado da actividade (tendo en conta a todo o alumnado e atendendo aos criterios de inclusión).
- Os Plans e Proxectos nos que participa o colexio, evitando a sobrecarga innecesaria.
- A coordinación entre os distintos equipos docentes.
- A interdisciplinabilidade da propia actividade
- O custo económico, de ser o caso.

### **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

Para a elaboración dos plans de reforzo ou recuperación, será necesario facer unha análise inicial da situación do alumno, recompilando información extraída da:

- Revisión dos expedientes e informes e actas de avaliación e revisión da documentación do Departamento de Orientación.
- Realizárase tamén unha avaliación inicial, de xeito competencial, analizando as competencias e subcompetencias especificadas no currículo, determinando así os ámbitos a reforzar.
- Concretáranse as medidas entre profesorado titor/apoios e profesorado do departamento de orientación (PT, AL, orientadora).
- Comunicáranse as medidas realizadas ás familias.
- Realizárase unha avaliación do propio plan de reforzo ao finalizar o trimestre, en vistas a seguir co plan ou ben, realizar as modificacións pertinentes.

### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

- Un dos obxectivos a expor deberá ser a integración deste alumnado no novo grupo.
- Deberanse ter en conta as medidas de atención á diversidade tanto ordinarias como extraordinarias aplicadas en cursos anteriores, informes do profesorado que lle impartiu docencia, así como as valoracións realizadas polo DO (de ser o caso).
  - Valorar aqueles aspectos que favorecen e dificultan a aprendizaxe (actitude, hábitos de traballo, intereses, atención, traballo en equipo, etc.).
  - Determinar especificamente os ámbitos a reforzar, tanto a nivel persoal/social como curricular. Neste último priorizáranse aqueles aspectos relacionados coa mellora das competencias vinculadas ás materias instrumentais (CCL e CMCCT).

- Concretar as medidas de atención á diversidade que se consideren necesarias poñer en práctica (en colaboración co DO).
- Desenvolver o plan de xeito coordinado entre diferentes mestres/as que interveñen co alumnado (titor/a, especialistas, PT, AL, etc.)
- Potenciar a implicación da familia tanto na implantación do plan como no seguimento do mesmo.

## **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

A avaliación deberá constar de tres momentos (contando cunha sesión de avaliación inicial, 3 sesións de avaliación correspondentes aos tres trimestres e unha sesión de avaliación final), sendo así unha avaliación inicial, que determinará o punto de partida dende o que exporemos o proceso educativo; unha avaliación formativa/sumativa na que se especifiquen unhas porcentaxes equilibradas entre as táboas de indicadores e as probas escritas dentro das programacións de cada curso, priorizando a avaliación dos procesos e a adquisición das competencias e subcompetencias; e unha avaliación final.

Na avaliación final, a avaliación das linguas en educación primaria (ámbito lingüístico e inglés) será continua, representando un proceso continuo e global ao longo de todo o curso, de xeito que a cualificación do terceiro trimestre represente a cualificación da avaliación ordinaria no final de curso. O mesmo ocorrerá coa área de Música e Danza, sendo Educación Plástica, Educación Física e Matemáticas materias que precisarán realizar unha media aritmética da nota dos tres trimestres.

Ao finalizar cada un dos cursos o profesorado do grupo adoptará as decisións sobre a promoción do alumnado de maneira colexiada. A non promoción do alumnado de educación primaria (segundo o establecido na Orde do 26 de maio de 2023) darase no caso de suspender de xeito simultáneo as materias de matemáticas e ámbito lingüístico, as competencias clave, ou ben unha das mencionadas materias e algunha das competencias clave relativas a esas materias (CCL, CMCCT), así como no caso de suspender tres ou máis materias.

Para o alumnado con NEAE tomarase como referente os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo para o alumnado que así o requira a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe. No caso do alumnado con ACI autorizada, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos en dita ACS.

En canto á avaliación en educación infantil, seguindo a Orde do 30 de maio de 2023 estará dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisión, encamiñadas á mellora dos procesos de ensinanza- aprendizaxe do alumnado tanto no ámbito individual como colectivo.

A titulación das diferentes etapas darase no caso de superar todos os cursos.

No relativo ás cualificacións, o procedemento de reclamación de cualificacións e notas está especificado no NOF, segundo a normativa vixente.

## **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

Outorgaranse matrículas de honra a aquel alumnado que conte cunha cualificación de sobresaínte en todas as materias (valorando xa a actitude e comportamento no relativo aos criterios relativos a ese ámbito dentro de cada materia) e que non presente expedientes disciplinarios no seu historial; podendo non concederse a ningún alumno/a no caso de que non se cumpran os criterios anteriormente establecidos.

## **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

As programacións didácticas de centro, seguirán unha serie de criterios a continuación establecidos, tanto para a súa elaboración como para a súa supervisión:

- Contextualización da materia ou área e do grupo clase ao que vai dirixido.
- Distribución equitativa dos criterios de cualificación e os contidos (gradación dos contidos nas materias continuas por grao de dificultade).
- Relación de unidades didácticas axustadas aos trimestres.
- Priorización da transversalidade e globalidade.
- Na avaliación:



- Establecemento dos mínimos (empregando a Taxonomía de Bloom e dando coherencia e seguimento dentro do ciclo) en relación ás probas de avaliación deseñadas.
- Establecemento das porcentaxes por curso/ciclo asociando non máis dun 10% aos criterios referidos ao traballo cooperativo, participación, etc.
- Ter en conta os documentos de coordinación vertical de centro nas áreas de matemáticas e linguas para a secuenciación dos contidos.
- Metodoloxía: incluír as metodoloxías propias do centro, establecidas no Proxecto Educativo.
- Recursos: Incluír na programación os recursos de polos creativos e de biblioteca.
- Atención á diversidade: Incluír as medidas ordinarias e extraordinarias para o grupo e casos individuais (Empregando o modelo DUA).
- Incluír as actividades complementarias propias da materia.
- Elementos transversais (procurando tratar todos ao igual que as competencias).
- Avaliación do profesorado: empregar elementos medibles a través da avaliación coas rúbricas establecidas.
- Outros (empregar as rúbricas para os cursos e rúbricas das competencias establecidas a nivel de centro).
- Especificar correctamente os criterios de cualificación e criterios de recuperación, coincidindo as coas asociadas aos criterios, tendo en conta tamén as materias que contan con avaliación continua, priorizando o currículo en espiral fronte ao lineal.
- Realizar o seguimento en PROENS trimestralmente, de onde se elaborará a memoria final.

### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

Para a participación nun novo programa a nivel de centro, haberá que realizar unha análise da situación actual do centro, así como unha valoración do propio programa atendendo aos seguintes criterios:

- Que fomenten a inclusión, a igualdade, a coeducación, entre o alumnado e o profesorado.
- Que teña un interese pedagóxico para as etapas do centro.
- Que conte con aportación de materiais/orzamento/actividades beneficiosas para o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe.
- Que esté vinculado cos aspectos curriculares a traballar nos diferentes cursos, así como elementos transversais ou desenvolvemento de competencias clave, fomentando a innovación educativa.
- Que exista unha persoa responsable do programa.
- Que o programa sexa asumible a nivel de organización de centro.
- Que cumpra coa liña metodolóxica de centro.
- Que cumpra cos ODS, presentes na axenda 2030.

### **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

Ao rematar cada curso, na reunión final da CCP, realizarase unha avaliación da concreción curricular, empregando indicadores e criterios establecidos na propia CCP (indicados no seguinte apartado deste documento).

No caso de que eses indicadores e criterios indiquen que é necesario facer unha revisión, a CCP realizará unha proposta e elevarase ao claustro para o seu debate e aprobación, se procede.

Indicadores para a revisión e avaliación da concreción curricular:

- Está axustada á normativa actual.
- Mantén coherencia cos outros documentos de centro (Proxecto Educativo, Documentos de coordinación, NOF, etc.)
- Establece pautas de acción claras e vinculadas ao currículo competencial.
- Contempla as diferentes casuísticas da avaliación do alumnado.

Ademais, a concreción curricular revisarase e modificarase no curso escolar pertinente no caso de modificarse a lei educativa vixente ou os seus correspondentes decretos. Unha vez modificada, a concreción curricular actualizarase na páxina web do centro.

## **o) Outros apartados**

### **1. DIFUSIÓN**

A concreción curricular será publicada na web do centro, estando as familias informadas nas reunións iniciais de cada curso sobre este documento.